

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **22 de novembro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 22 de novembro de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de outubro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA
FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLO ACCESO ÁS PROXECCIÓNS DO
FESTIVAL DE CINE DE OURENSE-OUFF 2018.-**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación, do 14 de novembro de 2018, de fixación de prezos públicos polo acceso ás proxeccións do Festival de Cine de Ourense-OUFF 2018.

Os membros da comisión quedan informados.

**3º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA A INSTALARLE Á
XUNTA A CONSTRUIR UN CIRCUÍTO DE AUTOMOBILISMO.-**

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e a moción non se ditamina favorablemente ao obter o voto favorable de Democracia Ouresana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Antes da quenda de rogos e preguntas, o presidente da comisión informa aos seus membros de que mañá, en rolda de prensa, se realizará a presentación oficial do festival de cine, ao que todos os membros da comisión estarán invitados, para que o recibirán nos próximos días invitacións para asistir e quere aproveitar para realizar un agradecemento público ás persoas que estes días están traballando para que este importante evento cultural poida celebrarse en 2018 e conseguir a continuidade e relevancia que merece.

En segundo lugar, informa aos membros da comisión de que no Instituto de Ensino Secundario Otero Pedrayo se puxo en marcha unha exposición homenaxe ao ilustre ourensán J.A. Saco Arce, autor da primeira gramática en lingua galega, recomendándolles a todos os membros da comisión que acudan a ela, xa que merece moito a pena, e é un honor para a provincia a dita exposición como homenaxe a este ilustre ourensán.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, indica que nas últimas semanas tiveron noticias de que se está retirando material do arquivo e da biblioteca da Deputación

Provincial, polo que solicita información sobre o motivo e o destino do material retirado e se existen previsións de introducir material novo nos ditos espazos.

O **presidente da comisión** manifesta que se responderá por escrito.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pregunta polo estado de tramitación da posta en marcha por un lado do museo dos Bolechas e por outro lado do museo da Emigración n Pazo de Vilamarín.

O **presidente da comisión**, respecto deste último, indica que existe unha persoa da Deputación que nos últimos meses está traballando e realizando diversas xestións para a posta en marcha do museo da Emigración, se ben puntualiza que se contestará á pregunta con máis detalle e por escrito.

E, ás 18:10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.